

# PLAN DE CONVIVENCIA

REVISIÓN Nº : 1  
DATA:12/11/2019

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:26/01/2016

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:26/01/2016

DATA 1ª REVISIÓN:12/11/2019

DATA 2ª REVISIÓN:

## TÁBOA DE CONTIDO

<b>1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....</b>	<b>4</b>
<b>1.1. Características do centro e da súa contorna. ....</b>	<b>4</b>
a) O centro.....	4
b) A contorna.....	4
<b>1.2. Situación da convivencia no centro .....</b>	<b>5</b>
<b>2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.....</b>	<b>10</b>
<b>3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....</b>	<b>11</b>
<b>3.1.Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras .....</b>	<b>11</b>
i. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.....	16
ii.Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa.....	17
iii.Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias as normas de convivencia.....	17
iv.Protocolo para a prevención e detección de situacións de acoso escolar.....	18
<b>v.Actividades do plan de acollida.....</b>	<b>13</b>
<b>vi.Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.....</b>	<b>14</b>
<b>vii.Aula de convivencia inclusiva.....</b>	<b>42</b>
<b>3.2.Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso, coas seguintes previsións:.....</b>	<b>59</b>
i.Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar.....	59
ii.Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar. ....	54
iii.Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. ....	54
<b>3.3.Protocolo de Absentismo. ....</b>	<b>57</b>
<b>3.4.Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia. ....</b>	<b>70</b>
i.Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFPF )......	70
ii.Escola de nais e pais.....	76
<b>3.5.Normas de convivencia do centro .....</b>	<b>71</b>
<b>3.6....Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento. ....</b>	<b>78</b>
i..Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.....	78

ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección .....	79
iii. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado) .....	81
iv. Gradación das medidas correctoras (art.34).....	81
v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2ª) .....	82
vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).....	84
<b>3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro. ....</b>	<b>84</b>
<b>3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno. ....</b>	<b>86</b>
<b>3.9. Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia. ....</b>	<b>87</b>
<b>3.10. Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia. ....</b>	<b>87</b>

# 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

## 1.1. Características do centro e da súa contorna.

### a) O centro

O CEIP A Xunqueira 2 atópase nas aforas da cidade do Concello de Pontevedra, nunha área chamada “A Xunqueira”, de onde atopa o seu nome, na marxe dereita do río Lérez. O centro, sitúase na rúa Alexandre Bóveda S/N. A saída e entrada ao centro realízase pola rúa mencionada anteriormente.

Na actualidade o centro conta con cinco unidades de Educación Infantil e doce unidades de Educación Primaria.

Na planta baixa está a portería, a secretaría, a xefatura de estudos, o despacho de dirección, a aula de convivencia inclusiva, o salón de usos múltiples, a biblioteca, as aulas de educación Infantil e os baños de Educación Infantil.

Na primeira planta atópase as aulas de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria, a aula de orientación, aula de audición e linguaxe e baños do alumnado e profesorado.

Na segunda planta atópanse as aulas de 5º e 6º de Educación Primaria, dúas aulas de inglés, aula de plástica, aula de relixión, aula de PT, aula de informática e aula de audiovisuais, tamén se atopan os baños de alumnado e profesorado.

Edificio anexo: Na mesma rúa atópase o pavillón deportivo. O comedor utilízase ademais de para comer os alumnos para o plan madrugá. Tamén conta con instalacións ao aire libre, utilizadas polos alumnos no recreo e nas clases de Educación Física.

### b) A contorna

Situado en zona escolar, non se trata dun centro identificado cun barrio definido, nin asociado a un contexto social determinado. Ao estar o colexio tan ben situado, a 10 minutos do centro da cidade, temos moitas posibilidades de asistir a moitas actividades organizadas tanto polo centro como polas propostas das propias institucións do Concello.

O alumnado deste centro procede de moi diferentes zonas, tanto do centro da cidade como dos arredores ou do medio rural. Nos últimos anos creceu a presenza de alumnos estranxeiros no centro.

Dende o punto de vista económico a maior parte da poboación activa adícase a labores relacionadas co sector terciario, traballando tanto os pais como as nais. O nivel de vida pódese situar nun termo medio, con bastante preocupación polos estudos dos seus fillos/as. Contan en xeral con condicións axeitadas para o estudo na casa e están apoiados polos seus pais.

Os nenos e nenas que veñen ao colexio proceden a maior parte do entorno urbano, traballando a maioría das familias no sector servicios, seguido do sector industrial.

Pódese afirmar que na meirande parte das familias a lingua habitual é o castelán e nunha porcentaxe baixa o galego. A lingua vehicular usada no centro polo alumnado é o castelán, utilizándose o galego nas materias de lingua galega, ciencias naturais, ciencias sociais,

educación física e plástica. A nivel do profesorado emprégase o galego nas notas oficiais e internas do colexio, así como nas reunións.

## **1.2. Situación da convivencia no centro**

Para avaliar a situación da convivencia no centro, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria creou no curso 2015/2016 uns cuestionarios para ser cubertos online polos distintos membros da comunidade educativa. Da recollida dos datos podemos extraer o seguinte:

En canto ao alumnado, éste considera que hai boas relacións entre eles/elas no ámbito da clase, considérase que os materiais e instalacións están bastante coidados, que a forma de resolver os conflitos de convivencia sería impoñendo sancións e tamén seguindo os consellos dos mestres, orientadora e equipo directivo. Se considera así mesmo que se atende e obedece ao profesorado, que nunca ou poucas veces hai acoso, ameazas, insultos, desobediencia e conductas negativas en xeral e, en caso de producirse, isto ocorre ao entrar e saír da clase e nos recreos.

En canto ao profesorado, a opinión é que a convivencia no centro nos tres últimos anos se mantén, que os problemas no centro se producen de forma puntual, que a formación en materia de convivencia escolar é boa, que hai que abordar a convivencia desde a prevención, que hai que adscribirse a programas nos que se traballe a convivencia, que hai que aplicar sistemática e rigorosamente as normas de convivencia, que o alumnado debe participar máis na solución dos problemas, que a mellora da convivencia sexa obxectivo central no PEC e que se traballen as normas, dereitos e deberes na acción tutorial. O profesorado se recoñece medianamente coñecedor de programas que son favorables á convivencia. Sobre a resolución de conflitos, éstos se deben resolver mediante o diálogo entre titor, profesorado, xefe de estudos e alumnado. Asemade cre, que as condutas do alumnado se deben ao aumento da tolerancia na sociedade e á facilidade no acceso ás TIC, á falta de formación do profesorado en técnicas para afrontar conflitos, á existencia de familias desestruturadas e o tipo de organización e clima do centro.

Dos datos que se recolleron das familias faise a seguinte lectura: o coñecemento da existencia e contido de documentos e actuacións referidos á convivencia é baixo, consideran que non hai problemas de convivencia no centro, consideran que a formación das familias para definir normas de comportamento na casa é boa, achéganse ao centro a miúdo e se interesan moito polo comportamento e estudo dos/as seus/súas fillos/as, recoñecen que o centro ten medios para transmitir información ás familias por diferentes vías. A meirande parte non recoñece que os/as seus/súas fillos/as foran vítimas nin autores/as de agresións. Apoian totalmente as decisións do titor/a sobre o comportamento do seu fillo/a e están amplamente informados dos eventos especiais que se realizan no centro. Ante calquera problema que puidese ter o/a seu/súa fillo/a cos/coas compañeiros/as de clase, falarían co/coa fillo/a e co profesor/a titor/a

Como complemento ao anterior recolleuse no curso 2011/12 información dos distintos sectores da comunidade educativa na que se empregaron como instrumento de recollida de información uns cuestionarios destinados ao efecto.

Dado o recente de tal traballo podemos consideralo aínda vixente e representativo da situación actual.

Recólleronse un total de 378 enquisas distribuídas do seguinte xeito:

Profesorado do centro: 21 enquisas.

Alumnos de 1º,2º e 3º de Educación Primaria: 78 enquisas.

Alumnos de 4º,5º e 6º de Educación Primaria: 104 enquisas.

Familias dos alumnos de Educación Infantil e Primaria: 175 enquisas.

As preguntas das enquisas tratan de dar resposta aos seguintes apartados:

- 1- Valoración xeral dos aspectos da convivencia no centro.
- 2- Conflitos que xurden e con que frecuencia.
- 3- Onde se producen os conflitos.

1.- Valoración xeral dos aspectos da convivencia no centro:

A percepción xeral que os distintos membros da comunidade educativa teñen sobre a convivencia no centro educativa é boa. Tendo en conta as enquisas podemos dicir que os alumnos/as sintense moi felices no colexio, porque os profesores e compañeiros os tratan ben. Existen boas relacións entre os alumnos do centro. Xurden poucos enfrontamentos con outros/as alumnos/as. As relacións co profesorado son boas.

No que respecta á participación dos pais e nais, a maioría o fan cando o colexio os chama, na recollida de notas, falar co titor/a e na participación nas tarefas da ANPA. As relacións do colexio coas familias son boas en xeral. Consideran moi importante un bo ensino por parte do profesorado, as boas relacións entre o alumnado e a motivación para o desenvolvemento e o rendemento académico dos seus fillos/as.

Destacan que é moi importante ademais do apoio de toda a comunidade educativa, o esforzo persoal, que o alumnado se sinta integrado e que se axude sobre todo a aqueles alumnos/as con dificultades.

2.- Conflitos que xurden e con que frecuencia.

Os conflitos que xurden son a maioría, insultos, malas palabras, pelexas...mais non as consideran importantes, xa que xurden con pouca frecuencia.

3.- Onde se producen os conflitos.

A maioría dos conflitos prodúcense durante o recreo.

### **1.3.- Estado das relacións e da participación na vida do centro- conflictividade detectada no centro.**

Realizáronse unhas enquisas, donde se recollía información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, de tal xeito que se valoraron diferentes ítems.

O número de enquisas recollidas foron un total de 371, distribuídas do seguinte xeito:

- a) 25 ao profesorado do centro.
- b) 185 aos alumnos de primaria.
- c) 201 aos pais/nais dos alumnos de infantil e primaria.

As enquisas do profesorado incluían 12 ítems que facían referencia aos seguintes temas:

- a) Fin da convivencia.
- b) Causas de conflito na convivencia escolar.
- c) Solucións para mellorar o clima da convivencia na aula e no centro.

Para as familias as enquisas realizáronse con 10 ítems nas que se valoraron os seguintes puntos:

- a) Relación e implicación dos pais e nais na resolución de problemas de convivencia que poidan acontecer na casa.
- b) Como colaborar no centro educativo para evitar conflitos e mellorar a situación tanto na familia como no entorno escolar.
- c) Axudas que os pais e nais pensan que son necesarias para poder solucionar os problemas que xurdan na casa, con relación á convivencia.

Para o alumnado fixéronse dous tipos de enquisas:

- a) Unha con 6 ítems, para 1º,2º e 3º de primaria.
- b) Outra con 8 ítems para 4º,5º e 6º de primaria.

O feito de realizar dous tipos de enquisas, foi para facilitar a comprensión dos ítems, tendo en conta a idade do alumnado.



Aos alumnos de Educación Infantil, non se fixo ningunha enquisa, pensando que eran moi pequenos, pero o que se fixo, foi tratar o tema na clase falando, analizando e reflexionando sobre a importancia da convivencia na vida diaria, e particularmente no centro escolar.

A través de remuíño de ideas, contos, análise de situacións xurdidas diariamente ... chegaron as seguintes observacións:

- a) sentíanse mal cando non os trataban ben, polo que eles/as debían evitar molestar aos demais.
- b) Tratar de levarnos mellor porque cando os/as nenos/nenas molestan afectan a todos.
- c) Tranquilizarnos e pensar un pouquiño cando estamos nerviosos.
- d) Solucionar un problema falando e pedindo axuda aos profesores/as
- e) Para traballar mellor debemos levarnos ben e estar contentos.

Na enquisa para os alumnos/as de 1º,2º e 3º, tratáronse 6 ítems nos que se valoraba o seguinte:

- a) Onde e como aprendemos a respetarnos e a cumprir as normas.
- b) Como resolver os problemas que se presentan, mediante o diálogo.
- c) O problema da convivencia escolar cando un neno/a molesta, e crea mal ambiente na clase.

Na enquisa para os alumnos/as de 4º,5º e 6º, os ítems que se valoraron facían referencia aos seguintes puntos:

- a) Como aprendemos a convivir no centro.
- b) Responsabilidade do alumnado
- c) Cal é o problema fundamental.
- d) Resolución de problemas a través do diálogo.
- e) Como e quen ten que elaborar as normas de convivencia.

Tanto o profesorado, as familias e o alumnado valoraban os ítems das enquisas dacordo coa seguinte escala: 1.- Non estou dacordo, 2.- Dacordo e 3.- Totalmente dacordo.

As conclusións que se sacaron destas enquisas foron:

## **Profesorado**

O profesorado coida que para mellorar a convivencia no centro é necesario desenvolver canles de participación reais de todos os sectores do centro e, en especial, do alumnado, considerando a convivencia como un medio para garantir o ensino e a aprendizaxe.

O profesorado debe reflexionar sobre a súa práctica, experimentar novas metodoloxías para ensinar a xestionar ideas, sentimentos e emocións do alumnado, xa que inciden na convivencia da aula e do centro.

## **Familias**

Unha gran maioría pensa que a convivencia implicanos a todos e que deben crearse vías de participación para definir como queremos convivir axeitadamente.

Considerase fundamental o papel dos pais e nais para ter unha boa convivencia no centro, mediante a súa participación e así mellorar o funcionamento en moitos aspectos.

Un dos problemas que xera conflitos na convivencia e que a algúns nenos/as, na súa casa non se lles poñen límites e cando teñen que convivir con outros nenos /as e respetar as normas, non saben.

Están dacordo en que a forma de resolver conflitos que xurdan na convivencia no centro, se faga a través do diálogo, compartindo criterios e creando un clima positivo de convivencia e respecto no centro.

Pensan que o sinal de que as cousas van ben é que no centro no se dé ningún tipo de problema de convivencia e ese cren que debe ser o principal obxectivo.

## **Alumnado**

Están totalmente dacordo en que no centro aprendemos a respetarnos e a cumprir as normas que pon o profesorado , que hai que falar para resolver os problemas que xurden. O único problema que atopan e que algunhas persoas encárganse de molestar e que non deixan que as clases se desenvolven en orde e con tranquilidade e cando un alumno/a quere facer o que lle da a gana da lugar a mal ambiente e o paga toda a clase.

Pensan que é importante que os profesores/as e alumnos/as dialoguemos, compartamos ideas para crear un clima positivo de convivencia e respecto no centro e desta maneira resolvamos os conflitos que xurden sen chegar á violencia.

#### **1.4- Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.**

Entradas e saídas: Dende que se aplica o novo protocolo de entradas e saídas no centro se desconxestioneu a zona de abaixo do patio cuberto pois só o alumnado transportado entra por alí. Os pais e nais que a miúdo entorpecían as filas de entrada dando lugar nalgunha ocasión a algunha situación conflitiva, foron trasladados á porta principal.

Ratio: Este colexio ten a ratio máxima de alumnado na maioría dos grupos de clase e lóxicamente , a maior número de alumnos/as , maior a incomodidade, menor a calidade de ensino, e maior conflitividade.

Recreo: En Educación Infantil que posúe un espazo de recreo cuberto ínfimo , o feito de que os días chuviosos un nivel permaneza arriba mentras xogan os outros dous , se traducirá nunha maior comodidade , menos estrés e conflitividade.

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.**

1.- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.

2.- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas por ningún motivo.

3.- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

4.- Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

5.- Recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para prever e correxir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

6.- Facer corresponsables ás nais e pais ou as titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas .

7.- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

8.- Promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

9.- Regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e de ser o caso, doutros colectivos da comunidade educativa no ensino, complementarias das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.

10.- Mellorar a comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras/es, para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos/as .

11.- Desenvolver no alumnado as habilidades relacionadas coa empatía e as habilidades sociais, con especial énfase na autoestima e na estima aos demais.

12.- Formar ao profesorado, alumnado e familias en estratexias de resolución de conflitos.

13.- Priorizar a resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación e o diálogo, co esforzo conxunto do profesorado e alumnado.

14.- Practicar unha metodoloxía participativa na que o alumnado sexa protagonista, e que inclúa o traballo cooperativo, as dinámicas de grupo, as asembleas de clase, etc.

15.- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só despois de esgotar as estratexias motivacionais e educativas.

16.- Disminuir o absentismo escolar no centro.

### **3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.**

#### **3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras**

##### **i. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.**

A organización do centro: toda a organización do centro está orientada a favorecer a convivencia no mesmo . Moi especialmente os seguintes aspectos repercuten directamente na convivencia: o protocolo de entradas e saídas recollido nas NOF, gardas de mestres/as de alumnado transportado . Dentro da organización do persoal quedou constituída a comisión de convivencia escolar formada polo director , dous mestres /as, dous pais/nais e o conserxe , como representante do persoal de administración e servizos. Tamén a organización dos recreos en Educación Infantil debida á falta de espazo repercute na convivencia.

A programación e desenvolvemento do currículo: Todas as áreas , ademais dos contidos propiamente ditos , enfocaranse á mellora da convivencia . Especialmente relacionada con ela están as áreas de Valores Sociais e Cívicos e Relixión.

As actividades complementarias : dentro da oferta ampla de actividades complementarias procurarase realizar unha cada curso relacionada coa convivencia e a súa mellora. Tamén se coopera con algunha ONG cada curso.

#### RESPONSABLES E DESTINATARIOS:

Protocolo de entradas e saídas ( Responsables: O equipo directivo ; Destinatarios: Comunidade Educativa ).

Comisión de convivencia ( Responsables: a propia Comisión ; Destinatarios: Comunidade educativa ).

Recreos en Educación Infantil: ( Responsables: Equipo directivo, xefatura estudos ; Destinatarios: alumnado de Educación Infantil e mestres/as).

Áreas do currículo (Responsables : mestres/as ; Destinatarios: alumnado ).

Actividade complementaria da ONG ( Responsables : Comunidade educativa; Destinatarios: ONG)

#### **ii.Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.**

A comunidade escolar vese representada no consello escolar e ,dentro deste, na comisión de convivencia en todo no que se refire a ésta. O consello escolar propón actuacións en relación coa convivencia , e especialmente as relacionadas coa solución pacífica dos conflitos.

En canto á formación do profesorado , realízanse cursos e grupos de traballo sobre esta temática ( curso 2015/16,2016/17... intelixencia plena)

#### RESPONSABLES E DESTINATARIOS:

Consello Escolar e Comisión de Convivencia: ( Responsables : o propio Consello e a propia Comisión ; Destinatarios : Comunidade Educativa )

Formación profesorado: ( Responsables : CFR de Pontevedra ; Destinatarios : Mestres/as do noso centro)

**iii. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.**

Os coñecementos e técnicas adquiridos nos cursos de formación do profesorado relacionados coa convivencia escolar e xestión de conflitos, se aplican na vida escolar cotiá.

Será empregada a páxina web do centro e a distribución de folletos e material impreso para que a comunidade coñeza o presente plan de convivencia ,dereitos e deberes dos membros da comunidade e informacións relativas ao acoso e ciberacoso...

Coñecementos-técnicas: ( Responsables: mestres/as ; Destinatarios: alumnado)

Páxina web e material impreso: ( Responsables: Comisión de Convivencia ; Destinatarios: Comunidade Educativa).

**iv. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar:**

- Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, a través da páxina web do centro e distribución de material impreso que expliquen que é e como actuar, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan.

RESPONSABLES E DESTINATARIOS.

Campaña de sensibilización: ( Responsables: Comisión de Convivencia ; Destinatarios : Comunidade Educativa )

**Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir.**

Actividades para alumnado de nova matrícula no centro, actividades que fomenten a igualdade entre homes e mulleres para previr a violencia de xénero, compromisos de convivencia, conciliación ou mediación na resolución dos conflitos .

( Responsables: Comisión de convivencia ; Destinatarios: alumnado)

**v. ACTIVIDADES DO PLAN DE ACOLLIDA.**

**OBXECTIVOS:**

1. Facilitar a adaptación do alumno/a ao novo centro educativo do que el foma parte e ao que debe acoplar as súas normas, hábitos e horarios.
2. Facilitar o coñecemento do novo espazo por parte do neno/a co fin de que sexa quen de moverse libremente nel.
3. Facilitar a adaptación do alumno/a ás rutinas do colexio
4. Facilitar o establecemento de vínculos de afectividade co profesor/a e cos iguais.

## ACOLLIDA Á FAMILIA NO CENTRO

- Unha vez a familia escolleu este centro educativo como aquel onde quere escolarizar ao seu fillo/a e se comproba que hai praza para o curso que solicita, darlles o papel de solicitude de matrícula onde consten os datos mais elementais de identificación sobre o alumno/a e a súa familia.
- Ademais un representante do equipo directivo informará sobre a documentación solicitada para formalizar a matrícula.
- O recibimento será levado a cabo por algún membro do equipo directivo e pola orientadora, que estará presente.
- Convén que este primeiro contacto sexa acolledor. A relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a sensación de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.
- Realizarase unha primeira entrevista que terá como obxectivo proporcionar información sobre o funcionamento e os servizos do centro, así como obter información básica sobre o alumno/a.
- Daráselle información referida ao calendario escolar, o horario do centro, o horario do alumno/a, o lugar de entrada e saída, as normas básicas a seguir no recinto escolar, servizos que ofrece o centro.
- Ademais esta reunión será aproveitada para visitar as instalacións e as principais dependencias do colexio, explicándolles a función de cada unha delas.
- A orientadora será a encargada de cubrir o cuestionario de recollida de información inicial para alumnado de novo ingreso que aportará datos sobre a familia, saúde , historia e desenvolvemento escolar do alumno/a, así como se ten necesidades educativas especiais... e todos aqueles datos que poidan resultar relevantes para a escolarización do neno/a.

## ACOLLIDA DO ALUMNO/A

As actividades de este período estarán centradas en:

Que o alumno/a coñeza ben o centro, a aula e os espazos por onde se desenvolverá a tarefa educativa.

Que o alumno/a se familiarice co material de aula.

Que o alumno/a se integre na aula co grupo de compañeiros/as

Que o alumno/a coñeza o profesorado do grupo

Que o alumno/a coñeza as normas da aula e do centro e se inicie nas actividades de responsabilidade grupal

Que o alumno/a coñeza en liñas xerais cales serán as aprendizaxes que se farán

A clases deberían prepararse de maneira flexible para recibir o novo alumnado para que os alumnos poidan interaccionar e sentir o grupo de clase como algo propio

## **vi.PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS PARA O ALUMNADO, A XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS, A DINÁMICA DE GRUPOS, E O TRABAJO COOPERATIVO**

# ÍNDICE

- ❖ INTRODUCCIÓN
- ❖ 1.-PROGRAMA DE EDUCACIÓN EMOCIONAL:
  - XUSTIFICACIÓN
  - MARCO TEÓRICO
  - OBXECTIVOS XERAIS
    - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
    - BLOQUES TEMÁTICOS
    - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
  
- ❖ 2.-PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS:
  - OBXECTIVOS XERAIS
  - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
  - CONTIDOS
  - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
  - RECURSOS
  - CRITERIOS DA AVALIACIÓN
  
- ❖ 3.-PROGRAMA CARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS
  - INTRODUCCIÓN
  - FASES NA RESOLUCIÓN DUNHA SITUACIÓN PROBLEMA
    - OBXECTIVOS:
      - ◆ XERAIS
      - ◆ ESPECÍFICOS
      - ◆ OPERATIVOS

ANEXOS: PROGRAMA DE EDUCACIÓN EMOCIONAL INFANTIL



## PROGRAMA DE EDUCACIÓN EMOCIONAL PRIMARIA

Os principios relacionados coa aprendizaxe e o desenvolvemento das habilidades sociais de resolución de problemas son moi importantes no desenvolvemento integral da persoa. Diso depende o bo desenvolvemento das habilidades de interacción social dos nenos cos seus iguais así como cos adultos que se atopan na súa contorna como o son os seus pais/nais e os seus mestres/as. **Son os/as nenos/as, os que teñen que resolver os conflitos que se lles presenten.**

Estas habilidades son dunha importancia fundamental. A través delas obtemos importantes reforzos sociais da contorna máis inmediata que favorecen adaptación ao mesmo. A carencia destas habilidades pode provocar rexeitamento, illamento e, en definitiva, niveis inferiores de calidade de vida. Ademais, grazas ao desenvolvemento das HHSS, podemos conseguir que o alumnado desenvolva e favoreza un maior grao de participación no seu proceso de ensino-aprendizaxe, o cal leva implícito unha mellora na súa competencia curricular.

As HHSS implica manter boas relacións cos demais. Para iso é necesario:

- controlar as habilidades sociais básicas (escoitar, actitude dialogante);
- respectar ás persoas (aceptar e valorar os seus dereitos);
- manter unha comunicación receptiva (atender aos demais con comunicación verbal e non verbal);
- practicar a comunicación expresiva (expresar con claridade);
- compartir emocións; ter comportamento pro-social e de cooperación;
- asertividade e (comportarse equilibradamente, entre a agresividade e a pasividade);
- ter a capacidade para solucionar conflitos;
- saber xestionar situacións emocionais (regular as emocións nos demais).

### **1.-PROGRAMA DE EDUCACIÓN EMOCIONAL (VER ANEXOS)**

#### **XUSTIFICACIÓN**

Ao mesmo tempo que falamos de Habilidades Sociais e necesario falar intelixencia emocional. É importante comprender que adquirila non é fácil, necesítase adestramento e moita práctica. Son competencias difíciles de desenvolver, necesítase tempo, esforzo e atención.

Na última década, a ciencia está a demostrar que este abano de habilidades persoais inflúe de forma decisiva na adaptación psicolóxica do alumno en clase, no seu benestar emocional, e mesmo nos seus logros académicos e no seu futuro laboral. A necesidade dun programa de educación emocional, por tanto, baséase nunha serie de constatacións, entre as cales podemos citar as seguintes:

- As competencias socio-emocionais son un aspecto básico do desenvolvemento humano e da preparación para a vida.
- Detéctase un crecente interese pola educación emocional no campo da formación.
- Os medios de comunicación transmiten contidos cunha elevada carga emocional.
- Regular as emocións para previr comportamentos de risco (consumo de drogas, presión social, agresividade, violencia, etc.) é unha competencia básica para a vida.
- Hai unha necesidade de prepararse para afrontar situacións adversas (perda de seres queridos, separación dos pais, fracaso escolar, etc.).

“A Educación emocional é un complemento indispensable no desenvolvemento cognitivo e unha ferramenta fundamental de prevención, xa que moitos problemas teñen a súa orixe no ámbito emocional”, informe Delors (1999, UNESCO)


A LEI ORGANICA 2/2006 DE EDUCACIÓN E A SÚA POSTERIOR REFORMA), no seu PREÁMBULO, establece: “A educación é o medio máis adecuado para construír a súa personalidade, desenvolver ao máximo as súas capacidades, conformar a súa propia identidade persoal e configurar a súa comprensión da realidade, integrando a dimensión cognoscitiva, a afectiva e a axiolóxica.” A concepción da educación como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva foi unha constante, trátase de conseguir que todos os cidadáns alcancen o máximo desenvolvemento posible de todas as súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades Entre os fins da educación

resáltanse o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado. Así mesmo, propónse o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos

### MARCO TEÓRICO (Breve resumo)

NOCIÓNS BÁSICAS SOBRE INTELIXENCIA EMOCIONAL.

A Intelixencia segundo Bisquerra (2012) sería a habilidade para tomar conciencia das propias emocións e das demais persoas e a habilidade para regulalas.



das

### APRENDENDO A ENTENDER A INTELIXENCIA EMOCIONAL

Para poder entender o poder que exercen as emocións sobre a mente é necesario ter moi en conta a forma na que o cerebro foi evolucionando.

AS EMOCIÓNS: PEDRA ANGULAR DA INTELIXENCIA EMOCIONAL  
 INTELIXENCIA + EMOCIONES = INTELIXENCIA EMOCIONAL

Para Goleman a intelixencia emocional consiste, de forma mais concreta en:

- **Coñecer as propias emocións:** É a competencia emocional fundamental sobre a cal se constrúen as demais. Para desenvolver a conciencia emocional é imprescindible dispoñer de palabras para denominar as emocións. De aí a importancia de potenciar o desenvolvemento do vocabulario emocional desde o sistema educativo.

- **Manexar as emocións:** O equilibrio emocional é o obxectivo fundamental. O control emocional incide no control do comportamento e do pensamento, así como dos impulsos fisiolóxicos.

- **Motivarse a si mesmo:** Motivarse a un mesmo está relacionado coa intelixencia emocional no sentido de que as emocións son un factor de motivación.

- **Recoñecer as emocións dos demais:** Titchener utilizou por primeira vez a palabra empatía nos anos vinte. A empatía constrúese sobre a toma de conciencia de si mesmo (canto máis abertos esteamos para captar nosas propias emocións, máis fácil seranos recoñecer as dos demais) e consiste en comprender o que outras persoas senten en diversas situacións.

- **Establecer relacións:** Unha clave da competencia social reside na forma de expresar as propias emocións. Outro aspecto importante do establecemento de relacións desde o punto de vista emocional é o que se refire á capacidade que temos as persoas de contaxiar as propias emocións.

- **Autoestima.**- A autoestima é, en liñas xerais, a valoración que facemos de nós mesmos. Non significa o que un é, senón o que un cre que é.

- **Toma de decisións.**- As emocións son importantes no momento de tomar decisións. Convén, por tanto, educar aos nenos desde o principio para que valoren o seu estado emocional cando

teñen que decidir que facer e para que vexan como inflúe nas súas decisións, cambiándoas por outras que lles permitan mellorar emocionalmente.

- **Habilidades sociais.**- Cada vez coñécese mellor a importante influencia que teñen as competencias sociais aprendidas desde a infancia no posterior funcionamento social, escolar, laboral e psicolóxico. É fundamental nos primeiros anos de vida fortalecer o vínculo afectivo entre pais e fillos, é algo saudable para toda a familia; e para o pequeno será o inicio das súas posteriores habilidades de tipo social. relacionadas coa aceptación social, para que os demais valórenlles e vexan as súas calidades positivas

OBXECTIVOS XERAIS

- Sentir, entender e controlar estados de ánimo, propios e alleos.
- Desenvolver a autoconciencia emocional (alfabetización emocional).
- Coñecer a realidade emocional do outro (socialización emocional).
- Actuar en consecuencia á nosa situación emocional e a dos outros.

#### OBXECTIVOS ESPECIFICOS

- Tomar conciencia das emocións persoais e o seu paso a sentimentos. Identificar as emocións, avaliar a intensidade e o significado.
- Comprender causas e consecuencias das emocións.
- Tomar conciencia de estados emocionais, dos estímulos que as activan e das consecuencias que se derivan.
- Experimentar a riqueza afectiva que cada un posúe.
- Expresar emocións adecuadamente, etiquetalas, recoñecer a súa relación coas palabras.
- Desenvolver a linguaxe emocional, aprendendo a falar sobre as emocións e os sentimentos.
- Ser capaz de recoñecer e entender as emocións dos demais.
- Discriminar cando a expresión dunha emoción ou sentimento é apropiada ou non.
- Recoñecer, comprender e identificar o propio autoconcepto.
- Construír unha autoestima adecuada, e axustada á realidade de cada un.
- Desenvolver habilidades básicas de comunicación e escoita.
- Aprender e practicar diferentes técnicas de habilidades sociais.
- Construír un pensamento positivo (optimismo) realista e eficaz para a mellora da calidade de vida.

- Aprender a dicir que non sen ferir aos demais ( asertividade)
- Resolver conflitos de forma autónoma a través do diálogo.

## BLOQUES TEMÁTICOS

Primeiro Trimestre CONCIENCIA EMOCIONAL: Tomar conciencia de quen é un, que sente e como expresa os seus sentimentos. Coñecerse para valorarse, ter confianza nas súas capacidades e calidades, respectar calidades dos demais, tomar decisións...coñecer aos demais... (concienciación emocional, regulación emocional).

REGULACIÓN DE EMOCIÓNS. A Capacidade para regularse uno mesmo, actuar por medio do convencemento e non pola imposición de condutas, porque nos vixien ou nos castiguen. Autonomía para coñecer e expresar os sentimentos propios, ser capaz de mostrarse menos impulsivo e máis reflexivo, recoñecer e responsabilizarse dos propios éxitos, establecer normas consensuadas.

METODOLOXÍA Segundo Bisquerra (2012) a Educación Emocional segue unha metodoloxía eminentemente práctica (dinámica de grupos, autorreflexión, razón dialóxica, xogos...) con obxecto de favorecer o desenvolvemento de competencias emocionais. Coa información non é suficiente. Por tanto, a metodoloxía para seguir no Programa, será globalizada, intracurricular, lúdica, individualizada , vivencial e non-directiva

## **2.-PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS (ANEXOS)**

### OBXECTIVOS

- Optimizar o desenvolvemento das habilidades sociais do noso alumnado para así incrementar a súa competencia social para conseguir o seu desenvolvemento persoal e integración social.
- Adquirir habilidades sociais que leven ao neno/a a resolver os problemas cotiáns dun xeito máis eficaz e adecuado

- Desenvolver a aprendizaxe cooperativa, posibilitando o contacto e traballo entre iguais, a partir de centros de interese e proxectos a realizar.
- Adaptar o seu comportamento espontáneo e voluntario ás esixencias da súa contorna social.
- Establecer normas correctas de grupo que nos axuden a normalizar o noso comportamento, segundo as esixencias dos distintos ámbitos sociais.
- Favorecer o axuste socioemocional, desenvolvendo habilidades conversacionais, fomentando o uso da linguaxe como medio de comunicación.
- Mellorar a percepción, comprensión e adaptación a situacións sociais, expresando sentimentos, desexos, ideas e opinións mediante a linguaxe oral
- Favorecer o desenvolvemento da comunicación non verbal, fomentando a realización de xestos, expresión facial, a mirada, etc...
- Favorecer a integración e apertura á comunidade con garantía de éxito. Tamén como prevención de situacións de risco mais importantes.
- Evitar a aparición de problemas de comportamento
- Previr desaxustes psicolóxicos debidos a situacións de rexeitamento social ou de estigmación. O adestramento nas habilidades sociais pode favorecer a aceptación social e, polo tanto, a estabilidade emocional das persoas.
- Previr situacións de abuso.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Saber pedir axuda, denegala cando así o desexan, dicir que non, explicar como se senten
- Mellorar a comunicación coa contorna máis inmediata, aumentando así a capacidade de resolución de problemas e, con iso a súa autoestima e o seu autoconcepto.
- Autopercepción e percepción nos demais dos elementos fundamentais da linguaxe corporal: distancia interpersonal, postura correcta, mirada dirixida cara á cara, sorriso.

- Formar a adecuada asertividade dos alumnos/as de forma que fagan valer os seus dereitos sen molestar aos demais.

- Coñecer e utilizar condutas de cortesía e boa educación ao relacionarse cos demais. Prestar especial atención aos saúdos e despedidas en todas as situacións e á utilización de "por favor" e de "grazas" cando se solicita algo.

- Potenciar o uso de estratexias cognitivas para a resolución de problemas, sexan de índole social, ou persoal (pensamentos negativos, ideas negativas respecto do seu propia valía, agresividade coa contorna).

- Facilitar a súa independencia e autonomía nas súas relacións cos demais.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, estes datos serán tratados de xeito

confidencial, podendo incorporarse aos ficheiros das institucións con competencias ou responsabilidades no control ou tratamento do absentismo

escolar. Todas as persoas que, en razón do seu cargo ou función, teñan acceso a eles están obrigados ao segredo profesional e ao deber de custodia.

Sr/a. xefe ou xefa do Servizo Territorial da Inspección Educativa de ...

Sr/a. alcalde ou alcaldesa do Concello de ...

3.4. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.

**i. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP )**

Durante os últimos cursos fixéronse varios cursos sobre convivencia escolar:

-Igualdade, convivencia e inclusión ( Módulo 0)

-Igualdade, convivencia e inclusión (Módulo I)

**ii. Escola de nais e pais. Creación das escolas de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas**

**propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.**

No CEIP A Xunqueira nº 2 creouse recentemente unha Escola de nais e pais que xurdiu primeiramente para axudar a estes/as na tarefa de educar aos /ás seus /súas fillos/as. A súa forma de operar é a través dun blog que se atopa na páxina web do centro e , máis recentemente a través dunha conta de Facebook. Tanto nun lugar como noutro os /as pais/nais ou calquer voluntario/a suben artigos interesantes relacionados coa educación do alumnado , nun sentido amplo , polo que a temática é moi diversa.

Tratarase que enfoquen a súa acción á proposta de iniciativas para previr e resolver conflitos de convivencia e mellorar a mesma no centro. Deberán elevar as propostas ao Consello Escolar , tal e como sinala o decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro.

### 3.5. Normas de convivencia do centro

#### **3.5.1.- Normas da convivencia no centro.**

No marco do establecido pola lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deberes que se nomean a continuación:

#### **A) Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores**

1.- As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen perxuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa.



2.- Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas.

### **B) Dereitos e deberes do alumnado**

1.- Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen perxuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2.- Son deberes básicos do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

- b) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- c) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clases con puntualidade e co material preciso

### **C) Dereitos e deberes do profesorado**

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:
  - a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
  - b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
  - c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
  - d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
  - e) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
  - f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2.- Son deberes do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lles imponha a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

#### **D) Dereitos e deberes do personal de administración e de servizos**

1.- Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.

2.- Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

### **3.5.2- Normas que regulan a convivencia na aula e no centro**

- 1.- Todos/as os/as alumnos/as cumprirán e respectarán os horarios aprobados para o desenvolvemento das distintas actividades do centro. Deberán ser puntuais e entrar polo lugar correspondente segundo sexan alumnado transportado ou non , dacordo co protocolo de entradas e saídas do centro.
- 2.- Os alumnos/as amosarán respecto ao profesorado, aos seus compañeiros/as e a todos os membros da Comunidade Educativa.
- 3.- Os alumnos/as obedecerán as indicacións de todo o profesorado e do persoal adulto adscrito ao centro.
- 4.- Os alumnos virán ao colexio vestidos correctamente e debidamente aseados.
- 5.- Os alumnos/as non poderán saír do centro durante o período lectivo sen ir acompañados dun dos pais ou persoa autorizada. Cando así sexa o adulto deberá deixar constancia da

saída cubrindo a asinando o impreso dispoñible en conserxería. O mesmo cando volte do exterior.

### **3.5.3 Normas que regulan o coidado e utilización dos materiais e instalacións de aula e espazos comúns do centro.**

1.- Os alumnos coidarán as instalación e o material do centro usándoas de forma que teñan o menor deterioro posible.

2.- A limpeza tanto na aula como nos espazos comúns, debe ser obxecto permanente do noso centro, polo que poñerase o máximo esmero en non tirar papeis e outros obxectos ao chan, non pintar nas paredes e o mobiliario escolar e manter o colexio nas mellores condicións posibles.

3.- As saídas e entradas polos corredores realizaranse en silencio e coa maior orden posible, co fin de non molestar aos compañeiros/as que están a dar clase neses momentos.

4.- Durante o tempo de recreo ningún alumno poderá permanecer na aula e nos corredores a non ser que se atopen con algún profesor/a.

5.- No momento de ir ao recreo cada alumno/a recordará o que coller na clase co fin de evitar subidas e baixadas pola escalera sen necesidade.

6.- O almorzó e a merenda comerémola na clase, xusto antes de saír ao recreo, co fin de manter as instalacións limpas.

### **3.5.4. Normas que regulan a actividade académica e o traballo na aula.**

1.- O estudo e o traballo académico e un deber fundamental do alumnado quen tratará, na función das súas posibilidades, de mellorar a súa formación, poñendo para elo o máximo esforzo e interese.

2.- Os alumnos traerán ao colexio o material necesario para o normal desenrolo das actividades académicas.

3.- Cada profesor regulará e expoñerá ao alumnado a principio de curso as normas xerais das actividades e o traballo da súa área.

4.- O alumnado permanecerá na súa aula nos cambios de clase.

5.- Cando un curso teña que ir a unha dependencia do centro distinta da súa aula, o fará acompañado polo profesor/a correspondente e gardando orde e silencio, para non entorpecer as actividades académicas dos compañeiros /as doutras clases.

6.- É obrigación de todo o alumnado asistir á clase con puntualidade, tanto á hora de entrar como tras finalizar o período de recreo o no traspaso de calquera actividade.

7.- É deber fundamental de todo o alumnado respectar o exercicio do dereito ao estudo e ao traballo dos seus compañeiros/as de clase.

8.- Asimesmo, o alumnado respectará o dereito do profesorado a dar clase e a non ser interrompido no traspaso das súas explicacións.

9.- As faltas de asistencia ao colexio se xustificarán mediante modelo que hai en secretaria e xustificantes diversos.

### **3.5.5. Normas que regulan a realización de actividades fora do centro**

Ademais das normas anteriormente especificadas, nas actividades complementarias e extraescolares teranse en conta, as seguintes normas:

1.- Observar un comportamento correcto coas persoas e instalacións do lugar que se visita.

2.- O alumnado permanecerá en grupo ao longo da visita, puidéndose separar sómente con permiso do profesor/a.

3.- O alumnado cumprirá o horario establecido para o desenvolvemento da actividade.

4.- Durante o percorrido no autobús ou noutro medio de transporte utilizado se observarán e respectarán as regras de seguridade en todo momento.

5.- No comedor gardarase a debida compostura e obedecerase en todo momento as indicacións dos responsables do mesmo.

6.- Nas saídas escolares respectarase a ratio que marca a lei, e dicir , un mestre/a por cada unidade.

3.6. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

#### **Clases de condutas contrarias á convivencia**

Podemos clasificalas en :

-condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- condutas leves contrarias á convivencia.

O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas

#### **i. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección.**

-As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.

- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

- A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, segundo as normas de convivencia do centro docente.

-A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

- As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

#### **Medidas correctoras**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.

c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.

f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo

## **ii. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección**

As agresións físicas ou psíquicas.

As injurias e as ofensas graves.

As ameazas e as coaccións.

Os actos de discriminación grave por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais, ou psíquicas ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.



A gravación, a manipulación e a difusión por calquer medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, o dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

As actuacións que constitúan acoso escolar.

Suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos.

Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais do centro docente incluídos os equipamentos informáticos e software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.

Actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

As actuacións gravemente perxudiciais para a saúde e a integridade persoal.

Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde o a integridade persoal.

Reiteración, nun mesmo curso escolar, de conductas leves contrarias á convivencia.

O incumprimento das sancións impostas.

### **Medidas correctoras das conductas gravemente prexudiciais**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro. Medida excepcional.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

### 3 Aplicación das medidas correctoras

A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 do decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro.

Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### **iii. Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado).**

A dirección do centro encomendará a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidades educativa, e a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar.

Outros criterios a ter en conta:

Levar máis de tres anos como profesor definitivo no centro.

### **iv. Gradación das medidas correctoras (art.34)**

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas,
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

#### **v. Procedemento conciliado (Cap. IV - sección 2ª)**

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agriada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
  - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
  - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
  - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
  - b) Cando a persoa agriada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
  - c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
  - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

#### Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunhas das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.
6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

## Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.
2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.
3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:
  - a) Contribuír ao proceso de conciliación.
  - b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
  - c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado

## vi. Prescrición de condutas e de correccións (art. 56).

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

### 3.7. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro.

#### **3.7.1.- Composición da comisión de convivencia:**

Os membros son os seguintes:

Director e Presidente

Representantes do profesorado: dous , neste caso

Representantes dos pais/nais/titores/ titoras: dous , neste caso

Representante do persoal de Administración e Servizos.

### **3.7.2.- Periocidade das reunións**

Tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros

### **3.7.3.- Normas de funcionamento e plan de actuación da comisión de convivencia**

A comisión de convivencia actuará nos seguintes campos:

- a) Elaboración do plan de convivencia do centro
- b) Adopción as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulso de accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Proposición ao consello escolar das medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Proposición, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecemento do cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e información ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaboración dunha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.
- J) Facer o seguimento periódico e sistemático do plan de convivencia

k) Recoller información en cada uno de sus estamentos, para sometelo a análise, valoralo e propoñer e implantar os axustes necesarios de maneira inmediata.

l) Velar porque exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no centro.

m) Estudar con urxencia os problemas que puideran producirse.

n) Adoptar medidas correctoras e sancionadoras.

ñ) Propoñer a administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro

### 3.8. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

#### **3.8.1.-Mecanismos de coordinación e colaboración coas familias**

As relacións do profesorado coas familias realízanse, fundamentalmente a través das reunións nas titorías onde son informadas das condutas dos seus/súas fillas na escola.. Obsérvase que os/as pais/nais, debido aos horarios de traballo e aos costumes sociais, teñen unha menor participación na vida escolar dos seus fillos e fillas. As familias deben coñecer as normas que se aplican no colexio. A difusión mediante a páxina web e material impreso enviado á casa é fundamental . Neste sentido o labor de difusión corresponde á Comisión de Convivencia.

O noso alumnado coñece as normas, pero a algúns é necesario mostrarlles como actuar e resolver os conflitos e para iso é imprescindible a implicación das familias. Nalgúns casos será necesario realizar un traballo especial con algunhas familias, para facilitarlles o apoio, axuda e orientación que deben ofrecer aos seus fillos e fillas.

Neste sentido a Escola de nais e pais pode representar un rol moi importante.

#### **3.8.2.-Mecanismos de coordinación e colaboración con outros centros educativos e organismos do contorno**

Hai que atender ás avaliacións, propostas , memorias anuais ... do Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia e todas as informacións deste organismo ou doutros relacionados co tema da convivencia escolar que sexan expostas no portal educativo da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria. Tamén se expoñerán proxectos de innovación e investigación educativa relacionados co tema.

Cando sexa necesario se solicitará ,segundo os cauces regulamentarios, a colaboración dos Servicios Sociais do Concello, e máis en concreto do educador/a social . Asemade doutros/as profesionais , segundo o problema a tratar . Tamén a Inspección Educativa supervisa o plan de convivencia nas súas diferentes fases e prestan asesoramento.

O profesorado é consciente da necesidade de formación para enfrontarse con eficacia aos problemas que xurdenna convivencia escolar . Debemos formarnos en prevención e detección de problemas na aula e resolución pacífica de conflitos. Será interesante a participación nas actividades que se realicen dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, dirixidas aos ámbitos da función directiva, a función titorial e o departamento de orientación.

### 3.9 Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

O plan de convivencia, unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os sectores da comunidade educativa. O centro educativo garantizará a súa difusión.

Canles de difusión:

- Consello escolar.
- Traballo co alumnado a nivel de aula.
- Exemplares para o profesorado.
- Titorías cos pais/nais, reunións de principio de curso.
- Web do centro

### 3.10 Procesos de seguimento, avaliación e propostas de mellora do plan de convivencia.



O seguimento do Plan de convivencia se realizará nas tres reunións ordinarias anuais así como nas extraordinarias que se leven a cabo. Básicamente consistirá na análise da consecución parcial de obxectivos específicos incluídos neste Plan .

Ao remate de cada ano académico farase unha valoración global das accións realizadas e reflectirase nua memoria final, na que se indicará: o nivel de consecución dos obxetivos previstos, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse en posteriores plans.

Corresponde á comisión de convivencia do centro realizar a memoria final. O consello Escolar a aproba e esta memoria intégrase na Memoria Anual do centro.